

OS GOONIES

Richard Donner, 1985

579

ESTREA EN NUMAX: 14.08.2019 | V.O.S.E. | TP

The Goonies (1985, 140')

Dirección: Richard Donner

Guión: Chris Columbus (Historia: Steven Spielberg)

Elenco: Sean Astin, Corey Feldman, Josh Brolin, Martha Plimpton, Joe Pantoliano, Kerri Green, Jeff Cohen, Jonathan Ke Quan, Anne Ramsey, John Matuszak, Robert Davi, Lupe Ontiveros

Son: Michael J. Benavente

Dirección de arte: Rick Carter

Vestuario: Richard La Motte

Montaxe: Michael Kahn, Steven Spielberg

Música: Dave Grusin

Fotografía: Nick McLean

Produtora: Amblin Entertainment, Warner Bros (EEUU)

Distribuidora: Warner

Formato de proxección: DCP2K, 2.35:1

Idioma orixinal: Inglés

FILMOGRAFÍA SELECCIONADA

16 calles, 2006

Maverick, 1994

Los fantasmas atacan al jefe, 1988

Arma letal, 1987

Lady Halcón, 1985

Superman, 1978

La profecía, 1976

SINOPSE

Mikey é un neno de trece anos que xunto co seu irmán maior e os seus amigos forman un grupo que se fai chamar os Goonies. Un día deciden subir ao faiado da súa casa, onde seu pai garda antigüidades. Alí encontran o mapa dun tesouro perdido que data do século XVII, da época dos piratas, e deciden saír a buscalo cheos de espírito aventureiro.

«Excitante filme de
frenéticas aventuras»

Miguel Ángel Palomo, EL PAÍS



A sombra de Spielberg

Por Roger Ebert

Os Goonies é unha suave mestura dos ingredientes habituais do cinema de acción de Steven Spielberg que se converteu nunha obra moi emblemática pola enerxética actuación dos pequenos actores que interpretan os roles principais da aventura. Trátase dunha fantástica historia sobre un tesouro pirata soterrado, contada cun enfoque que lles permite aos nenos empregar palabras que Bogart non usaría en *Casablanca* (Michael Curtiz, 1942). O habitual é que haxa filmes para nenos e filmes para adultos. Agora Spielberg atopou un mercado intermedio para mozos adolescentes cunha querencia bastante sofisticada polo terror. Spielberg supervisa que se respecte a fórmula de partida e participa na produción, designando para a dirección a un veterano do cinema de acción como Richard Donner (*Superman* -1978-, *Lady Halcón* -1985-).

Os Goonies, como os *Gremlins* (Joe Dante, 1984), transita na delgada liña que separa a diversión do repugnante, e as mesmas escenas que os adultos poderían rexeitar son as que máis gustan aos rapaces. O filme abre cun abano de nenos adorábeis entre os que atopamos un rapaz superdotado, outro con aparato nos dentes, un gordo, un irmán maior e un neno asiático cuxas roupas agochan unha chea de inventos. Este grupo,

acompañado de dúas rapazas que atopan no camiño, teñen que atopar un mapa do tesouro que se atopa na gorida dunha banda de criminais: dous irmáns, a súa nai e un terceiro irmán, unha caste de Quasimodo encadeado nunha cela onde só pode ver a televisión. Os rapaces atopan o túnel que conduce ao tesouro por accidente e emprenderán unha frenética fuxida cos foraxidos pisándolles os calcañares. Hai unha chea de efectos especiais, explosivos e tobogáns que nos recordan a *En busca del arca perdida* (Steven Spielberg, 1981) ou *Indiana Jones y el templo maldito* (Steven Spielberg, 1984).

No caso dos nenos están inspirados noutro filme de Spielberg como é *E.T. el extraterrestre* (1982). A liña de diálogo máis importante de entre todos os filmes de Spielberg é cando en *E.T. el extraterrestre* un neno chámalle a outro: «alento de pene». O diálogo remítenos á precocidade dos pequenos para incorporar vulgaridades nas súas conversas, especialmente entre eles. Desta volta os nenos din *merda* todo o tempo. O procedemento de Spielberg é situar os personaxes nos seus 13 ou 14 anos e facer que falen coma se tivesen algún ano máis. É máis refrescante que a técnica de Disney que colle personaxes de calquera idade e fai que actúen coma se tivesen 12 anos.

Outra marca da casa Spielberg, fielmente desenvolvida por Donner, é a súa axilidade narrativa. No filme suceden máis cousas que en seis películas de acción normais. Non é que haxa unha emoción por minuto; hai unha emoción, unha risa, un susto e un efecto especial.

O guión sitúa a todos os nenos falando á vez todo o tempo e hai momentos, especialmente na primeira parte, nos que apenas se distingue o que din.

Os Goonies, como os *Gremlins*, amosa que Spielberg é un mestre á hora de emocionar e implicar o seu público. *E.T.* é máis como *Encuentros en la tercera fase* (Steven Spielberg, 1977) que non nos fai só sentir, senón tamén imaxinar e mesmo soñar.

Publicado en www.rogerebert.com
Tradución: Xan Gómez Viñas

O director

Richard Donner (Nova York, 1930) é un veterano director que conta na súa obra con importantes éxitos en diferentes xéneros, desde o terror (*La profecía*, 1976) ao cinema fantástico (*Lady Halcón*, 1985), a acción (catro partes de *Arma letal*) ou os superheroes (*Superman*, 1978). *Os Goonies* é a súa incursión máis celebrada no cinema infantil e xuvenil.

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TEL 981 560 250 | www.numax.org



MARTA XA TEN O SEU ABONO PROTEXE

E ti, a que
agardas para
abonarte?



Se ti xa es de NUMAX
e queres compartilo,
fai unha foto co teu
abono e compártea.
#eusondenumax